

Un conto no que dicir “Por favor” ou “Grazas” farán que viaxemos coa imaxinación

Os mesmos autores de *Queres ler un libro comigo?* tráenos agora esta nova proposta: *Como se di?*, un conto que convida a participar activamente aos nosos primeiros lectores e lectoras.

TEXTO CONTRACAPA

Se lle tes que pedir permiso ao rei para xogar no labirinto do seu castelo, como se di?

E cando os avós che traen un agasallo da súa viaxe a Exipto, como se di?

Un conto cheo de imaxes fantásticas e nas que expresións como «por favor» ou «grazas» son a chave para viaxar coa imaxinación.

CLAVES PARA A LECTURA

Dicir “Por favor”, “Grazas”, “Boa tarde” ou “Bo día” é algo máis que un simple acto de cortesía. Son normas de **convivencia**, de **“conexión”** coas demais persoas, que deben formar parte de nós dende os primeiros anos.

Con este conto descubriremos a **empatía**, a **tolerancia** e a **reciprocidade**, valores que deben conformar a intelixencia social das nenas e nenos.

Un álbum ilustrado que convida directamente á **participación activa** das crianzas, pois está escrito coma un xogo de pregunta-resposta no que irán xurdindo esas fórmulas máis acaídas da cortesía, fórmulas que son realmente claves na interacción social.

Lawrence Schimel naceu en Nova York en 1971 e vive en Madrid desde 1999. Leva publicados máis de 120 libros de distintos xéneros, ben como autor ou ben como compilador de antoloxías. Outro dos seus contos, *Queres ler un libro comigo?*, ilustrado por Thiago



➔ Idade de interese: +3 ➔ Nivel de lectura: +5

Lopes, foi publicado en Galicia en 2017 por Alvarellos Editora neste selo Verdemar. Algúns dos contos de Lawrence lograron importantes recoñecementos internacionais ao seren incluídos na lista de honra da Organización Internacional para o Libro Xuvenil (IBBY) ou no catálogo White Ravens. En 2018, Lawrence gañou o prestixioso premio Crystal Kite, precisamente polo seu álbum ilustrado *Queres ler un libro comigo?*

Thiago Lopes é un ilustrador e deseñador gráfico especializado en deseño editorial. Naceu en 1987 en São Paulo (Brasil), onde vive e traballa. Principiou en 2009 no eido na literatura infantil e xuvenil, ao retomar os seus estudos na Facultade de Belas Artes de São Paulo. As súas ilustracións son –como acabades de comprobar– engaiolantes, divertidas e delicadas. En 2017 Alvarellos Editora publicou, neste mesmo selo Verdemar, o conto *Queres ler un libro comigo?* ilustrado por Thiago a partir dunha historia de Lawrence Schimel.

ISBN 978-84-18567-01-8 Pp: 36. Formato:
21,5 x 26 cm Cartonado. Impreso en Papel
Amigo dos Bosques. Cosido a fío. PVP: 14 €



EDITORA
alvarellos

verdemar@alvarellos.info
981522137 - 609908852